

# Memoria 2010



Memoria 2010

Federación Autismo Galicia.  
Rúa Home Santo de Bonaval, 74.  
15703 Santiago de Compostela.  
T. 981 589 365 F. 981 589 344  
[info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

# Índice.

A Federación

Relacións institucionais e redes

Apoio ao colectivo

Emprego e formación

Comunicación

Patrocinios e colaboracións

Datos económicos



**Autismo Galicia**, é unha Federación que engloba as Fundacións e Asociacións de pais, nais, titores e profesionais, protectoras de Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) da Comunidade Autónoma de Galicia .

A nosa **misión** é mellorar a calidade de vida das Persoas con TEA e das súas Familias. Os destinatarios/as dos nosos servizos son as entidades galegas que desenvolven o seu labor con estas persoas.

A Federación, constitúe un referente técnico que contribúe ao deseño de políticas de inclusión social e é un referente informativo que contribúe a visualizar a realidade das Persoas con TEA e das súas Familias.

Promovemos o consenso nos obxectivos e liñas de actuación entre as entidades que traballan no ámbito do Autismo en Galicia, as que prestamos servizos complementarios cun estilo que fomenta a participación, a transparencia, a solidariedade e o exercicio democrático.

**Autismo Galicia**, basea a súa actuación nos **principios** de transparencia informativa, participación, solidariedade, igualdade e de democracia interna.

Os **valores** que defendemos son:

- Consideración da Persoa con TEA como suxeito con dereitos e deberes en igualdade de condicións ao resto das persoas.
- Calidade total nas entidades e servizos.
- Importancia da Familia en todos os programas orientados á intervención coas Persoas con TEA.
- Necesidade de colaboración entre profesionais e familias para un funcionamento eficiente e de calidade das entidades.

Xunta  
Directiva

Do 1 de xaneiro ao 22 de Marzo de 2010.  
Presidente: D. Cipriano Luís Jiménez Casas  
Vicepresidente: D. Antonio de La Iglesia Soriano  
Secretario: D. Fernando Domínguez González  
Tesoureiro: D. José Antonio García Villar.

En marzo do 2010, toma o relevo na presidencia, D. Antonio de la Iglesia Soriano, ocupando a Vicepresidencia, D. Cipriano Luís Jiménez Casas.

## Organización Funcional

### Área Estratégica:

#### Órganos de gobierno:

Asemblea Xeral: é o máximo órgano de goberno da Federación e está integrada polas doce entidades membro.

Xunta Directiva: lle corresponde o goberno e administración da Federación.

### Área Executiva:

#### Órganos executivos:

O Presidente: da Xunta Directiva e da Federación é o seu representante legal e dirixe as asembleas e xuntas.

O Director Xerente: Responsable da xestión, dirección da entidade e a obtención de recursos necesarios para a consecución dos obxectivos marcados no plan de acción anual.

### Área Operativa:

*Responsable:* Director Xerente: Alejandro Víctor Gómez Soler.

#### Áreas:

##### *Apoio ao colectivo:*

Responsable: Rita M<sup>a</sup> Sobrado Martínez.

Se encarga de desenvolver os programas que teñen como beneficiario o colectivo dos TEA en Galicia.

##### *Emprego e Formación:*

Responsable: Angela M<sup>a</sup> Goiricelaya Seco.

Se encarga dos programas específicos para a promoción do emprego no colectivo, así como das accións de formación.

##### *Xestión:*

###### *Administración.*

Responsable: Teresa García Barcala.

Se encarga da xestión económica e financeira así como seguimento económico de proxectos en coordinación cos asesores externos.

*Novas Tecnoloxías.*

Responsable: Rosa M<sup>a</sup> Cela González.

Se encarga do desenvolvemento e implementación de programas específicos para o colectivo no eido das novas tecnoloxías

*Comunicación e Organización.*

Responsable: Teresa García Barcala.

Se encarga das accións de comunicación da entidade e da organización de eventos e labores de difusión e sensibilización sobre o colectivo.

**Consultores externos.** Prestan servizos de asesoría laboral e contable: Algalia Sociedade Cooperativa.

Entidades e  
Organizacións

Forman parte de Autismo Galicia, doce entidades das distintas provincias da Comunidade Autónoma:

### **A Coruña:**

- © *Asociación ASPANAES: Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia de A Coruña*
- © *Fundación Autismo Coruña*

### **Ourense:**

- © *Asociación Autismo Ourense*

### **Lugo:**

- © *Asociación Raiolas – Lugo*

### **Pontevedra:**

- © *Fundación Menela*
- © *Fundación Tutelar Camiño do Miño*
- © *Asociación Autismo Vigo*
- © *Asociación APACAF: Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista e Centros de Apoio Familiar.*
- © *Asociación de Pais do Centro "Os mecos"*
- © *Asociación de Pais do Centro de EE Menela*

**ASPANAES.**

A Coruña  
Ferrol  
Culleredo  
Santiago de Compostela  
As Pontes

**Fundación MENELA**

Vigo  
Nigrán

**APACAF**

A Estrada  
Moraña

**APA MECOS**

Vilanova de Arousa

**AUTISMO VIGO**

Vigo  
Gondomar

**APA CEE MENELA**


Vigo

**APA CASTRO NAVÁS**

Nigrán

**Fundación Tutelar Camiño do Miño**

Vigo





## ***RELACIONES INSTITUCIONALES E PARTICIPACIÓN EN REDES***





A Federación Autismo Galicia, actúa como representante dun colectivo composto por once entidades cuxo esforzo é unánime na procura de servizos específicos e especializados que cumpren criterios de calidade e vangarda no colectivo dos Trastornos do Espectro do Autismo.

Por isto, seguindo ás liñas establecidas no seu plan estratéxico, e cada ano no seu plan de acción, realiza accións tendentes ao afianzamento da entidade como representante do colectivo, nos diversos eidos da sociedade e a todos os niveis, proxectando unha imaxe de traballo en prol das Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo da Comunidade Autónoma Galega.

Dentro das súas funcións representativas ao longo do ano 2010, se desenvolveu unha intensa actividade institucional:

### Coa Administración Autonómica.

Neste ano se incrementaron as canles de comunicación coa Administración Galega, e concretamente coas Consellerías máis directamente implicadas no traballo e atención ao noso colectivo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Consellería de Traballo e Benestar Social e Consellería de Sanidade.

Se mantiveron reunións cos máximos responsables destas institucións co ánimo de que coñeceran de primeira man o traballo que está a desenvolver a Federación e cada unha das entidades federadas, así como as reivindicacións que como colectivo demandamos:

- O **recoñecemento da especificade dos Trastornos do Espectro do Autismo**, entendida como a necesidade de recoller as necesidades das Persoas con TEA en situación de dependencia, referida á asignación de recursos humanos e económicos que garantan a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.
- A **Ratio de Atención as Persoas adultas con TEA**.
- A **Atención Sanitaria** de calidade a través de tarxetas accesibles, creación de unidades de atención sanitaria especializadas nos hospitais, financiamento dos Servizos de Valoración e Diagnóstico e difusión e sensibilización no eido sanitario sobre a atención ao Paciente con TEA.
- Financiamento de **Programas de Atención ás Persoas con TEA e as súas familias**.
- **Carteira de Servizos** para Persoas con TEA no ámbito social e sanitario: definición de necesidades.

Tamén se mantiveron contactos co Valedor do Pobo, para formular estas necesidades que son dereitos esenciais das Persoas con TEA.

### Con outros axentes sociais

O traballo en rede con outros axentes sociais foi estable ao longo do ano 2010:

**CERMI GALICIA**, participouse a través do Comité Executivo en reunións que planifican a actuación e posicionamento deste organismo e se participou en diversas accións propostas polo mesmo.

A través do CERMI GALICIA se traballou nas Comisións de elaboración do Plan de Acción Integral Para as Persoas con Discapacidade de Galicia para o ano 2010-2013 da Consellería de Trballo e Benestar

**EAPN GALICIA**, participouse en diversas accións convocadas pola EAPN e nos grupos de traballo do organismo.

**CONFEDERACIÓN AUTISMO ESPAÑA**, o traballo en rede co noso representante a nivel nacional foi continuo ao longo de todo o período participando nas accións da Confederación e nas diversas actividades propostas pola mesma.

**ASOCIACIÓN AUTISMO EUROPA**, participouse de forma presencial no Congreso Internacional de Catania, onde se reuniron especialistas de toda Europa e se debateron e expuxeron os avances máis destacados no eido dos TEA.

**ORGANIZACIÓN MUNDIAL DO AUTISMO**, se participou nas iniciativas propostas para a organización e desenvolvemento do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo

### Coa Administración Local:

A sede social da entidade está no Concello de Santiago de Compostela e co mesmo se mantivo unha colaboración continua participando dos actos do Concello e nas súas políticas sociais a través do Consello Municipal de Servizos Sociais e o Consello Municipal da Muller.



***APOIO AO COLECTIVO***





### *Entidades e Asociacións*

### *Persoas con TEA*

### *Familias*

A Federación Autismo Galicia, preocupada pola calidade de vida das Persoas con TEA e ás súas familias, como entidade que apoia e fomenta a plena implantación dos dereitos das Persoas con Discapacidade en xeral e no ámbito do Autismo en particular, promove accións, propias e entre ás Asociacións e Entidades federadas, para acadar dito fins:

- Para potenciar a calidade de vida das Persoas con TEA e das súas Familias, se traballa para ofrecer un diagnóstico e orientacións axeitadas ás características específicas das Persoas que se sitúan no continuo do Trastorno do Espectro do Autismo por medio das seguintes actividades: *Servizos Especializados de Diagnóstico, Atención Temperá e Terapias Ambulatorias.*
- A Familia é a peza clave para a inclusión das Persoas con TEA na comunidade e por iso que se fomentan actividades de : *Inclusión Social, Campamentos e Programas de Fin de Semana.*
- Para dar resposta ás distintas necesidades das Familias se fomentan actividades de: *Apoio a Familias, Escola de Pais, Charlas Formativas, Asesoramento Legal, Dependencia, Incapacitación, Tutelas.*

### *Entidades e Asociacións*

---

#### **Apoio á prestación de servizos:**

- Valoración, Diagnóstico e Orientación.
- Atención Temperá.
- Ocio, Respiro Familiar e Inclusión Social.
- Sanitarios.

#### **Valoración, Diagnóstico e Orientación.**

Servizos de Valoración, Diagnóstico e Orientación para Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo apoiados pola Federación Autismo Galicia:

- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia de A Coruña, ASPANAES.
- Fundación Menela.

*Obxectivos dos Servizos:* Realizar diagnóstico e orientación axeitados ás características específicas das Persoas que se sitúan no continuo do Espectro Autista, como fórmula que permita mellorar a intervención a realizar para a consecución dun desenvolvemento integral da Persoa, así como potenciador da mellora da calidade de vida propia e a da súa Familia.

*Beneficiarios dos Servizos:* Persoas con sospeita de presentar TEA.

Directos: 165 Persoas  
Indirectos: 495 Familiares

### **Atención Temperá e Apoio Integral.**

Servizos de Atención Temperá e Apoio Integral para Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo apoiado pola Federación Autismo Galicia:

- Asociación Autismo Ourense.
- Fundación Menela.

*Obxectivos do Servizo:* Potenciar a Inclusión dos nenos/a con TEA ao mundo social e comunicativo e propiciar os máximos niveis de independencia persoal e comunitaria intervindo nas diferentes áreas para potenciar o seu maior grao de desenvolvemento.

*Beneficiarios do Servizo:* Nenos/as con TEA e trastornos asociados.

Beneficiarios directos: 43 nenos/as con TEA  
Beneficiarios indirectos: 129 Familiares.

### **Inclusión Social: Ocio, Respiro Familiar e asesoramente e apoio a familias.**

Servizos de Ocio, Respiro Familiar e Inclusión Social apoiados pola Federación Autismo Galicia:

- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia de A Coruña, ASPANAES.
- Fundación Menela.
- Asociación Autismo Ourense.
- Asociación Raiolas-Lugo.
- Asociación Autismo Vigo.
- Asociación de Pais de Persoas con Autismo, Os Mecos.
- Asociación de Pais do Centro Menela.
- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista e Centros de Apoio Familiar, APACAF.
- Fundación Autismo Coruña.

*Obxectivos dos Servizos:* Potenciar a mellora da calidade de vida a través da inclusión social, a participación, o acceso ao ocio e o desenvolvemento de accións de respiro familiar.

A Federación Autismo Galicia apoiou os proxectos de **ocio** de distintas entidades Federadas nos que se desenvolveron actividades adaptadas, específicas e planificadas atendendo ás necesidades e intereses das Persoas con TEA participantes.



Co desenvolvemento de actividades como: campamentos de verán, saídas de fin de semana, actividades deportivas de carácter físico, actividades de carácter intelectual ou de carácter social, se traballa a inclusión social dos participantes e se fomenta a súa autonomía persoal dende unha perspectiva lúdica.

Os proxectos de **respiro familiar** apoiados desenvolven principalmente actividades que, tendo tamén como beneficiarios ás persoas con TEA, favorecen o descanso familiar. Consistiron en estadias de fin de semana e períodos vacacionais, nos centros que teñen as entidades federadas.

O **asesoramento e apoio a familias no ámbito dos servizos sociais** tivo como obxectivo favorecer a participación de forma igualitaria nos diferentes ámbitos que conforman a sociedade (económicos, legais, políticos, educativos, etc...).

*Beneficiarios do Servizo:* Persoas con TEA e Familias.

Beneficiarios directos: 300 Persoas con TEA e 900 Familiares.

### **Servizos Sanitarios.**

Servizos de atención sanitaria a persoas con TEA apoiados pola Federación Autismo Galicia:

- Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista e Centros de Apoio Familiar, APACAF.
- Fundación Menela.
- Asociación Autismo Vigo.

*Obxectivo de servizo:* dotar ás entidades de recursos humanos específicos para a prestación de apoio sanitario aos usuarios con Trastornos do Espectro do Autismo.

A Federación propiciou a prestación dun servizo sanitario que permitiu a elaboración de protocolos de actuación sanitaria na rama da enfermería, así como o acompañamento e seguimento dos usuarios con TEA das entidades beneficiarias. Tamén se desenvolveron, a través deste servizo, accións formativas para cuidadores dos centros co obxectivo de dotalos de coñecementos básicos para a prevención e tratamento de determinados aspectos relacionados coa saúde.

*Beneficiarios do servizo:* Persoas con TEA e profesionais.

Directos: 115 Persoas con TEA  
30 Profesionais

Indirectos: 3 Asociacións e entidades.

A Federación Autismo Galicia desenvolveu, durante o ano 2010, o seu programa de Ocio e Respiro Familiar que tivo como obxectivo principal, implementar actividades especializadas que veñan a complementar as realizadas polas entidades e achegar ás Persoas con TEA e ás súas Familias, os máximos recursos posibles para o goce dos seus dereitos.

### **Campamento de Verán.**

Esta actividade se desenvolveu na primeira quincena do mes de setembro, nela participan, en sucesivas quendas, nenos/as e mozo/as con TEA, usuarios das entidades da Federación Autismo Galicia.

Apoiados por monitores especializados e os participantes no curso de monitor/a especializado en ocio que organiza a Federación, van a desenvolver unha serie de actividades planificadas e organizadas atendendo aos seus intereses, sempre cun programa flexible que permita ser adaptado ás necesidades de cada persoa. Estas actividades buscan propiciar a súa inclusión social e o seu desenvolvemento persoal nun entorno lúdico.

O campamento se desenvolve en dúas quendas nas que se distribúen as Persoas con TEA en función da idade: nenos/as e mozo/as.



*Lugar:* Albergue Xuvenil da Mariña Española – Gandario, Bergondo.

*Datas:* 1ª quenda: do 1 ao 7 de setembro; 2ª Quenda: do 8 ao 15 de setembro.

*Participantes:*

1ª quenda: 20 persoas con TEA, 12 monitores e 1 directora.

2ª quenda: 15 persoas con TEA, 15 monitores e 1 directora

Os participantes na actividade son usuarios das entidades membros da Federación, concretamente participaron persoas con TEA da Asociación ASPANAES, Fundación Menela, Autismo Vigo, Asociación APACAF e Asociación Autismo Ourense.

Beneficiarios Directos: 35 Persoas con TEA.

Beneficiarios Indirectos: 105 Familiares.



Dentro das accións destinadas ás familias, a Federación Autismo Galicia desenvolve:

- Orientación e apoio a familias.
- Formación.
- Respiro familiar.


### **Orientación e Apoio a Familias**

Cando as familias reciben por parte do seu especialista sanitario o diagnóstico de: Trastorno do Espectro do Autismo, tenden a iniciar unha busca de recursos e atención especializada que lles permita adquirir, inicialmente, coñecementos básicos para iniciar o tratamento terapéutico do seu fillo/a e seguridade no camiño que apenas se inicia para eles

Tamén son moitas as familias que se atopan en situacións verdadeiramente dificultosas, polos problemas conductuais dos seus fillos/as, e precisan de orientación complementaria, sobre todo cando estes non forman parte da rede de servizos que prestan as nosas entidades.

Estas son algunhas das situacións e circunstancias polas que as familias recorren ao servizo de orientación da Federación Autismo Galicia.

As consultas se realizaron, na súa maioría, por teléfono e visita presencial na sede da Federación Autismo Galicia e o motivo das mesmas foron:



## **Formación a Familias.**

A atención ás Familias tamén se realiza a través do desenvolvemento de actividades que, dende unha perspectiva formativa e informativa, lles permita ter puntos de reunión, debate e autoapoio, ao mesmo tempo que gozan de respiro familiar.

Estas actividades adoitan realizarse en xornadas onde Familias de toda Galicia se reúnen en sesións permitan a aplicación dunha metodoloxía participativa e didáctica.

No ano 2010, deuse priorizade ás nais e mulleres coidadoras e a súa formación en medios de comunicación dixital desenvolvéndose a: **Xornada para nais e familiares coidadoras: A Comunicación dixital.**

A metodoloxía da formación foi:

Primeira liña de actuación: Información e asesoramento sobre as posibilidades da rede para mellorar a calidade de vida e fomentar a comunicación entre o colectivo.

*Obxectivo:* dar a coñecer ás diferentes opcións que existen na rede, coa finalidade de motivar e axudar ás asistentes a incorporalas na súa vida cotiá en beneficio da calidade de vida e fomento da comunicación con outras persoas da súa contorna e do seu colectivo.

*Temática:*

- As posibilidades do uso dos diferentes canais.
  - Páxinas web.
  - Redes sociais: facebook, twitter.
  - Blogs.

Segunda liña de actuación: utilización dos recursos de comunicación dixital para a intervención na vida diaria

*Obxectivo:* forma re informar sobre a posibilidade que os recursos de comunicación dixital teñen para a intervención coa Familia e a persoa afectada por un Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).

*Temática:*

- Entorno web: páxinas de interese:
  - Intervención coas Persoas afectadas por un TEA: recursos (pictogramas, programas de apoio...)
  - Intervención coa saúde: recursos para a intervención na propia saúde.
- Redes sociais: exemplo práctico: creamos un perfil en facebook, e nos comunicamos con outras Familias.
- Blogs: blogs de interese para a participación activa co colectivo.

Terceira liña de actuación: a utilización con e para a saúde.

*Obxectivo:* formar e informar sobre a utilización correcta da rede e do soporte físico: ordenador.

*Temática:*

- Entorno web, redes sociais, blogs: coñecer o entorno para manexalo con seguridade e aproveitamento.
- A Saúde física no uso do ordenador: "ergonomía: adaptación do home e a máquina", previr danos físicos no uso do ordenador.

*Beneficiarios:*

Os resultados asociados por grupo de interese son:

Familias: 69 familias      Persoas con TEA: 69

Participantes no taller: 20 nais e familiares cuidadoras.

## Voluntariado

---

### "ÚNETE AOS TEA"

Dende finais do 2002, a Federación Autismo Galicia, desenvolve anualmente unha serie de proxectos onde se potencia a figura do/a Voluntario/a cun obxectivo final igual a misión da Federación: *Mellorar a Calidade de Vida das Persoas con TEA e a das súas Familias.*

O Voluntario é unha figura máis dentro do organigrama da Federación con funcións e tarefas específicas que non pode substituír o traballo retribuído; cun papel propio, obxectivos claramente. Unha figura moi valiosa á hora de xestionar os proxectos que esta Entidade desenvolve.

Dentro dos obxectivos que en materia de voluntariado nos propoñemos está xestionar correctamente e dispoñer dunha bolsa de voluntarios/as suficientemente cualificada que permita desenvolver, con maior facilidade e de maneira eficiente, os diferentes proxectos das entidades que integran a Federación e levar a cabo actividades de información e asesoramento individualizado ao persoal voluntario.

Durante o ano 2010, foron informadas e asesoradas un total de 20 persoas interesadas no voluntariado coas persoas con TEA, destas 5 entraron a formar parte da bolsa de voluntariado da Federación Autismo Galicia.

Algunhas das accións desenvolvidas polo voluntariado:

- Apoio na conmemoración do Día Mundial do Autismo.
- Apoio no desenvolvemento das accións de ocio e tempo de lecer.
- Apoio nas accións de respiro familiar.
- Apoio no desenvolvemento das accións formativas coas familias.
- Apoio nos programas e proxectos de divulgación e sensibilización.



## Traballo Social

O obxectivo xeral deste servizo é mellorar a atención ás familias, aos afectados e ás entidades e asociacións federadas dando respostas ás necesidades de información e traballando en programas e proxectos para o desenvolvemento de accións específicas previstas no plan de acción da Federación.

Durante o ano 2010 as accións deste área foron principalmente:

- Participación no servizo de orientación e apoio a Familias.
- Participación no servizo de apoio ás Persoas con TEA.
- Elaboración e xestión de proxectos: destinados ao colectivo.
- Atención a profesionais externos, orientación sobre as consultas realizadas.
- Traballo en rede cos traballadores sociais das entidades federadas.
- Traballo en coordinación co Servizo de Tecnoloxías da Información para a creación do espazo "Xestor de Usuarios/as dos Centros".
- Traballo en coordinación co Departamento de Comunicación para o desenvolvemento das accións de conmemoración do Día Mundial do Autismo.
- Desenvolvemento das accións de voluntariado.

A través do traballo social, se estableceron vías de colaboración co Colexio de Traballadores Sociais de Galicia para o desenvolvemento de accións formativas e promoción do voluntariado deste perfil profesional nas entidades federadas e na propia federación.



***EMPREGO e FORMACIÓN***







O Departamento de Emprego da Federación ten como misión contribuír á inserción laboral das persoas con TEA, traballar pola dotación de persoal profesionalizado para a propia Federación e as entidades membro, así como asesorar aos profesionais destas, sobre diferentes temáticas de emprego.

Seguindo este eixe de actuación, leváronse a cabo ao longo do presente ano, as seguintes actuacións, programas e actividades.

#### ***Mantemento da Rede de Colaboración e Coordinación en temas de emprego coas entidades membro da Federación.***

Establecéronse canais e mecanismos de comunicación/ información interna e directa, mediante correo electrónico e reunións periódicas cos responsables de programas de inserción laboral das entidades da Federación. Este traballo en rede permite intercambiar coñecementos sobre recursos formativos, estratexias para a integración socio laboral das persoas con Trastorno do Espectro do Autismo no eido laboral, así como compartir experiencias e boas prácticas.

#### ***Mantemento da Rede de Colaboración e Coordinación en temas de emprego coas entidades públicas e privadas (servizos municipais e asociacións de empresarios)***

Establecéronse redes de colaboración a través de correo electrónico e reunións de traballo cos técnicos de emprego dos concellos. Accións realizadas:

- A adhesión da Federación AUTISMO GALICIA á Rede de Inserción Laboral da Concellería de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.
- Negociación co Concello de Nigrán dun convenio de colaboración. O obxectivo da sinatura deste convenio é facilitar un espazo de formación para que a persoa con TEA, dentro dun entorno laboral ordinario e cos apoios necesarios, aprenda a desenvolver as tarefas inherentes a un posto de traballo determinado da maneira máis adecuada posible, optimizando as súas capacidades e adquirindo deste xeito unha experiencia e cualificación profesional. Este convenio brindará a posibilidade de que dúas Persoas con autismo realicen prácticas formativas de apoio ao posto de conserxe.
- Establecéronse redes de colaboración cos técnicos de emprego dos Concello de Gondomar e de Baiona coa finalidade de asinar convenios de colaboración para que Persoas con autismo realicen prácticas formativas nas dependencias municipais.
- Establecéronse convenios de colaboración con Asociacións de Empresarios, tendo como finalidade empregar os seus mecanismos de comunicación, para dar a coñecer entre o tecido empresarial o noso programa de inserción laboral para persoas con TEA.

- Estableceuse un convenio de colaboración coa Asociación de Empresarios de Valmiñor. Este convenio ten por obxecto promover a responsabilidade social empresarial das empresas que forman parte da citada asociación de empresarios, para isto a Federación AUTISMO GALICIA, prestará información e asesoramento especializado nos programas de emprego con apoio e os beneficios fiscais da contratación de persoas con discapacidade.

### ***Fomento da integración sociolaboral das Persoas con Trastorno do Espectro do Autismo:***

#### *Campaña de inscrición no Servizo Público de Emprego.*

No marco do Proxecto de Inserción Laboral que desenvolve a Federación AUTISMO GALICIA, co obxectivo de mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das Persoas con TEA, se inscribiron como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego (SPE), 6 persoas. Con esta iniciativa pretendemos dar un paso adiante na inclusión sociolaboral, así como axudar a favorecer a autonomía e autoestima. Na actualidade manteñen o contacto co SPE a través da oficina virtual da Xunta de Galicia.



#### *Prospección de empresas*

Captación de empresas coas que subscribir convenios de formación ou prácticas non laborais coa finalidade de facilitar a formación das Persoas con TEA e sensibilizar ás empresas sobre as capacidades deste colectivo (integración no mercado ordinario):

#### *Redes de traballo establecidas:*

Empresas: Eko-Ama S.A., MRW, Velgasa-Eroski, Carrefour, Residencia Bella Vista Care, Froiz, Gadisa, Mercadona, Paradores Nacionales , Viveros de Sabarís e a Fundación Caixa Galicia.

- Asinouse un Convenio de Colaboración coa empresa Carrefour e a Residencia Bella Vista Care para a realización de prácticas formativas de emprego con apoio no sector téxtil e de limpeza. O obxectivo da sinatura deste convenio é facilitar un espazo de formación para que as Persoas con TEA, dentro dun entorno laboral ordinario e cos apoios necesarios, aprendan a desenvolver as tarefas inherentes a un posto de traballo determinado da maneira máis adecuada posible, optimizando as súas capacidades e adquirindo unha experiencia e cualificación profesional.

*Beneficiarios directos:* 3 persoas con TEA que realizaron as prácticas formativas.



### *Actividades de sensibilización*

Campaña " Por Talento, Menos Empleo". Asistencia á campaña "Por talento, Menos Empleo" organizado pola Fundación ONCE e a súa entidade de recursos humanos FSC Inserta. Asistimos á citada campaña con dúas persoas con Trastornos do Espectro do Autismo que informaron sobre as vantaxes fiscais, subvencións, a oportunidade da contratación de traballadores/as con discapacidade.

Foro Menela "Inserción laboral. Programa de Empleo con Apoio". Presentación do Programa de Empleo con Apoio da Federación AUTISMO GALICIA.

"Encontro Galego: RSE, Empresas comprometidas co emprego, competitivas e sostibles". Participación na Intervención III-Integración da RSE na xestión e Lei de economía social: a experiencia da Federación AUTISMO GALICIA e as súas entidades membro na inclusión sociolaboral das Persoas con TEA.

### **Elaboración e implantación dun Programa de Habilidades Sociolaborais para Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo.**

O Programa de Formación en Habilidades Sociolaborais para Persoas con Trastorno do Espectro do Autismo, ten como obxectivo que as Persoas con TEA adquiran as competencias sociais e laborais necesarias para facilitarlles o acceso ao mercado laboral.

O programa artículase en dous bloques: : habilidades persoais e habilidades laborais. Trátase dun programa eminentemente práctico que busca xeneralizar as habilidades adquiridas a diferentes contextos.

*Beneficiarios:* Persoas con TEA das entidades membro da Federación.

Entidade beneficiaria no ano 2010: Fundación Menela.  
Beneficiarios directos: 10 persoas con TEA.


## Campañas de difusión para dar a coñecer ás Persoas con TEA e as súas Posibilidades de integración laboral

Continuouse coa campaña de difusión denominada:

" *Eles tamén poden: ¡coñéceos!, emprégaos!*": dirixida ao tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, supuxo a difusión de carteis e folletos informativos sobre as posibilidades de inserción laboral das Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo e sobre os incentivos existentes para fomentar a súa contratación. Esta guía fala das capacidades e habilidades que posúen as Persoas con TEA que lles permiten desenvolver tarefas laborais. O emprego con apoio é unha modalidade de traballo normalizado integrado en empresas ordinarias que posibilita o acceso ao mercado laboral grazas á colaboración da figura do preparador laboral.

Difusión da Guía Empegamos. O obxectivo desta guía é amosar aos familiares, empresarios e á sociedade en xeral, as diferentes posibilidades que existen de cara á integración laboral das Persoas con TEA. A guía reflicte como na actualidade existen diferentes servizos ou programas que posibilitan o seu paulatino acceso ao emprego, dende os niveis máis protexidos, para aquelas persoas con menores habilidades e maiores necesidades de apoio, como é o caso dos Centros Ocupacionais ata o emprego con apoio e o emprego normalizado, accesibles para aquelas persoas do colectivo con maiores competencias cognitivas, comunicativas, ocupacionais e sociais. A elaboración, publicación e difusión desta guía amosa o total compromiso da Federación Autismo Galicia e das entidades e organizacións asociadas á mesma coa paulatina integración das Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo ao mercado laboral.

### Beneficiarios do Servizo



As prioridades formativas da Federación, establecidas no seu plan de acción, son a formación interna e externa.

### Formación interna

Destinada ao persoal técnico da Federación e das entidades asociadas, no ano 2010 se deu prioridade a liña formativa en materia de comunicación e novas tecnoloxías.



Para o desenvolvemento das accións nos apoiamos no persoal da Federación do Servizo de Novas Tecnoloxías que, ao longo do ano, prestaron asistencias técnicas formativas en materia de desenvolvemento de programas informáticos específicos do noso sector.

Beneficiarios: Persoal técnico da FAG e as entidades: 50

### Formación externa

Esta formación se dirixe a público externo da Federación e traballa en dúas liñas de acción:

- © Persoas interesadas en formarse en TEA.
- © Persoas desempregadas.

**Persoas interesadas no TEA.**

#### Voluntariado:

En colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado desenvolveronse dous cursos:

1. Voluntariado especializado en Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo (nivel básico) cunha duración de 12 horas do 16 e 17 abril de 2010.  
Beneficiarios: 25 persoas
2. Xestión de voluntariado especializado en Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo cunha duración de 20 horas do 27 ao 30 de setembro de 2010.

Beneficiarios: 25 persoas




Curso de Monitor/a en Ocio e Tempo Libre para Persoas con Trastornos do Espectro do Autismo.

Durante o ano 2010 se celebrou a V edición deste curso cuxo obxectivo é formar a futuros profesionais especializados no ocio e tempo libre das Persoas con TEA. Para isto se traballa, durante 150 horas, cunha metodoloxía que inclúe tanto aspectos teóricos como eminentemente prácticos que dotan aos participantes de recursos para traballar cos nosos beneficiarios.

A parte teórica desenvólvese no Centro de Recursos da Federación Autismo Galicia e a parte práctica nos campamentos de verán.

Beneficiarios directos: 15 participantes.

Beneficiarios indirectos: 37 Persoas con TEA, participantes no Campamento de Verán.



## Persoas desempregadas.

A través da convocatoria de programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, se desenvolveron as seguintes accións formativas:

### Curso de cuidador de discapacitados físicos e psíquicos.

O curso conta cunha carga lectiva de 225 horas, repartidas entre teoría e práctica. Para a realización das prácticas contamos coa colaboración das entidades ASPANAES e APACAF.

Os obxectivos do curso son formar a profesionais capacitados para realizar, dunha forma autónoma e responsable, as funcións inherentes ao posto de cuidador de Persoas con discapacidade física e psíquica.

O curso vai dirixido, principalmente, a persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego.

Beneficiarios: 15 persoas desempregadas.

### Curso de preparador laboral especializado nos TEA.

O curso conta cunha carga lectiva de 295 horas, repartidas entre teoría e práctica. Para a realización das prácticas contamos coa colaboración das entidades ASPANAES e APACAF.

Os obxectivos do curso son formar a profesionais que guien o proceso de inclusión laboral das persoas con discapacidade.

O curso vai dirixido, principalmente, a persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego.

Beneficiarios: 15 persoas desempregadas.





## *COMUNICACIÓN*





## Comunicación

---

- © Produtos de comunicación.
- © Difusión e Sensibilización.
- © Divulgación.
- © Publicacións.
- © Medios.

### Produtos de comunicación.

[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)

**“abrindo os ollos a novas realidades”:** a través do portal web, achegamos información sobre os TEA, sobre os servizos en Galicia, publicacións, ofertas, voluntariado, emprego...

*Nos facemos visibles como entidade e como colectivo.*

A nosa web é consultada dende todos os lugares do mundo e unha das primeiras vías de contacto coa nosa entidade e coas entidades e asociacións federadas.

*BIAR: Boletín Informativo do Autismo na Rede.*

O boletín mensual que achega a un total de 400 subscritores información sobre actividades e accións da Federación e as súas entidades, así como os últimos avances e investigacións sobre os TEA. No seu apartado axenda nos achega información sobre eventos, cursos, xornadas e outras novidades.

### Difusión e Sensibilización.

Dende a Área de Comunicación en colaboración coa de Apoio ao Colectivo se desenvolven as principais accións de sensibilización sobre os TEA. A principal destinataria destas accións é a Sociedade Galega como piar para a integración social das persoas con discapacidade. Novamente facernos visibles pero agora como Persoas, coa nosa especificade suxeitos de dereitos a afianzar e desenvolver, reivindicando a nosa total integración na sociedade como cidadáns de pleno dereito.

*2 de abril: Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo.*

Un día para conmemorar xunto cos colectivos internacionais e nacionais que traballan polas persoas con TEA e ás súa familias.

- © Camiñada cara a Praza do Obradoiro.
- © Punto informativo: “causa xusta: o Autismo” no partido da liga ACB.
- © Presentación do Libro: “En el Camino nos encontraremos”.

### Camiñada.

No ano 2010 a Federación Autismo Galicia, uniuse ás iniciativas propostas pola Organización Mundial do Autismo, (OMA) e a Confederación Autismo España e, como outras entidades en todo o mundo, celebrou o día coa realización dunha camiñada e lectura de manifesto.

Aproveitando o ano Xacobeo, Persoas con TEA, familias, voluntarios e profesionais de toda Galicia se reuniron en Santiago de Compostela para percorrer xuntos o último tramo do Camiño Francés. Un total de 300 persoas con TEA, pasearon por Santiago de Compostela e, na Praza do Obradoiro, acompañaron aos representantes da Federación e das entidades, na lectura do manifesto proposto pola OMA.



### Punto informativo.

Durante a celebración do partido da liga ACB de Baloncesto e propiciado pola iniciativa do Clube Obradoiro CAB e o seu programa de "Causas Xustas", se puxo un punto informativo sobre os TEA e a Federación Autismo Galicia.



### Presentación Libro.

Rocío Testa, nai dun neno con TEA, recolle a súa experiencia persoal no libro: "En el camino nos encontraremos", e nos transmite sentimentos e vivencias comúns a calquera pai ou nai dun neno/a con autismo. O día 7 de abril fixo a presentación do seu libro en Santiago de Compostela.



### *Sesións Clínicas: "O paciente con TEA".*

No ano 2010 iniciouse o traballo de preparación das sesións a desenvolver no ano 2011, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns, destinadas a facilitar o coñecemento e sensibilización sobre a Persoa con TEA como paciente.

A Federación Autismo Galicia desenvolve dende hai varios anos, un amplo proxecto de sensibilización e divulgación sobre as necesidades específicas que as Persoas con TEA presentan na súa faceta de pacientes dos servizos públicos e privados de saúde. A persoa con Autismo e Trastornos asociados, presenta determinadas características condutuais e problemas de comunicación que a van facer un paciente co que se deben aplicar determinadas pautas de atención que mellorarán o seu comportamento e, polo tanto, beneficiarán positivamente, tanto á persoa que o atende como e ela mesma.

Dentro destas accións de sensibilización se teñen editado e distribuído materiais como o "Protocolo Sanitario para Pacientes con Autismo" e o "Decálogo para Pacientes con Autismo" que pretenden ser guías para a orientación na atención sanitaria.

Durante o ano 2010, en colaboración coa Consellería de Sanidade, unha comisión de traballo formada por técnicos de intervención e diagnóstico das entidades e asociacións federadas, elaborou un documento base sobre pautas de atención ao paciente con TEA, dende a perspectiva da comunicación médico – paciente, que servirá de apoio ao desenvolvemento do proxecto de sensibilización no eido sanitario.

*MAREMAGNUM: publicación galega sobre os Trastornos do Espectro do Autismo.*

### **"Un futuro para o autismo".**

Seguindo unha traxectoria de hai mais dunha década, na súa catorceava edición, a publicación MAREMANGUM conxugou artigos dedicados aos TEA con artigos sociais e culturais, contando coas colaboracións de persoeiros destes ámbitos que fan da publicación un referente no noso eido.

No ano 2010, colaboraron con nós:

Santiago González Avión: *Galicia no ano europeo de loita contra a pobreza.*

Domingo García Villamisar e Araceli del Pozo Armentía: *A educación de adultos para persoas con TEA: Análise epistemolóxica e algunhas propostas para o seu desenvolvemento.*

Manuel Ojea Rúa: *Recoñecemento das emocións en persoas con TEA.*

Ermel Morales Ramón: *Trastornos do Espectro do Autismo: Terapia grupal teatro de texto.*

Inés de Araoz Sánchez-Dopico: *Os dereitos das persoas adultas con TEA e a Convención da ONU de dereitos das persoas con discapacidade.*

Cipriano Luís Jiménez Casas: *O Futuro das persoas con discapacidade envellecidas.*

M<sup>a</sup> Teresa Tiemblo Marsal e José Manuel Varela Rodríguez: *Claves para a reflexión sobre a atención a persoas adultas con TEA en Galicia.*

Manuel Rivas Barrós: *O caso Begonia.*

Xosé Luis Ménez Ferrín: *Reimundo Patiño nos seus anos iniciais.*

## Medios

A aparición dos TEA nos medios, sigue tendo certo sensacionalismo por non dicir unha utilización abusiva e incorrecta do termo "autista", por este motivo durante o ano 2010, dende o Departamento de Comunicación se fixo un seguimento das novas saídas en prensa nas que se utilizaba dito termo de xeito pexorativo ou incorrecto e se colaborou coa Confederación Autismo España na denuncia de ditos usos. Para evitar isto ademais se comezou a traballar nunha guía de estilo específica dos TEA que sirva para facilitar aos medios.

As aparicións en prensa se centraron nas principais actividades da Federación e, mais especialmente, nos actos conmemorativos do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, con motivo do cal se fixeron reportaxes tanto en prensa escrita como audiovisual.

***PATROCINIOS E COLABORACIONES***









Proxecto: Atención ás persoas con TEA e ás súas familias.

Obxectivo: realización de actividades de apoio aos TEA, información, sensibilización, ocio, respiro familiar, formación.



Importe do convenio: 82.400 €

Proxecto: Fomento do emprego Programas de Cooperación.

Obxectivo: Reforzar os servizos da FAG prestados ao colectivo: persoas con TEA; familias e asociacións federadas



Programas de cooperación: 52.089,84 €  
Axente de emprego: 40.470,72 €

Proxecto: Mantemento e Actividades

Obxectivo: contribuír ao mantemento da entidade e desenvolver accións de: diagnóstico, orientación, valoración, atención temperá, ocio, respiro familiar e inclusión social.



Importe do convenio: 178.900 €

Proxecto: Fomento e realización de actividades de voluntariado.

Obxectivo: xestionar a bolsa de voluntariado o ofrecer información e formación.



Importe: 1.823,25 €

Proxecto: accións formativas dirixidas a persoas desempregadas.

Obxectivo: realización de cursos de formación e especialización para persoas desempregadas.



Curso de cuidador de discapacitados físicos e psíquicos:

30.071,25 €

Curso de preparador laboral especialista nos TEA e outros:

37.338,75 €

Proxecto: actividades de orientación, información e busca de emprego.

Obxectivo: ofrecer apoio a persoas desempregadas mediante a orientación laboral.



Importe:

13.760,79 €



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE SANIDADE

Proxecto: actividades de información e sensibilización no eido sanitario.

Obxectivo: desenvolver accións de difusión e sensibilización sobre os TEA.



Importe do convenio:

14.250 €

Proxecto: formación, ocio e respiro familiar para persoas con TEA e as súas familias.

Obxectivo: desenvolver accións de ocio e respiro familiar especificar para o colectivo.



Importe:

11.430,19 €



Proxecto: formación, ocio e respiro familiar para persoas con TEA e as súas familias.

Obxectivo: desenvolver accións de ocio e respiro familiar especificar para o colectivo.



Importe:

6.000 €



Proxecto: formación, ocio e respiro familiar para persoas con TEA e as súas familias.

Obxectivo: desenvolver accións de ocio e respiro familiar especificar para o colectivo.



Importe:

6.000 €



Proxecto: formación, ocio e respiro familiar para persoas con TEA e as súas familias.

Obxectivo: desenvolver accións de ocio e respiro familiar especificar para o colectivo.



Importe:

7.600 €



Proxecto: formación, ocio e respiro familiar para persoas con TEA e as súas familias.

Obxectivo: desenvolver accións de ocio e respiro familiar especificar para o colectivo.



Importe:

3.000 €



Proxecto: xornadas formativas e de respiro para nais e persoas cuidadoras.

Obxectivo: desenvolver accións formativas en novas tecnoloxías aplicadas aos TEA



Importe:

1.320 €



